

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de setembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO” – EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 4/2024

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ,

GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSE, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, na reunión celebrada o día 23 de setembro de 2024, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	443.091,11 €	42,39	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	62,39
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	410.980,15 €	80,00	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	100,00
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	██████	452.916,92 €	30,88	1 AÑO	2,50	2 MESES	10,00	43,38
HORDESCON S.L.	██████	477.503,82 €	2,08		0,00		0,00	2,08
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	██████	426.460,81 €	61,87	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	81,87

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	100,00
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	██████	81,87
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	62,39
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	██████	43,38
HORDESCON S.L.	██████	2,08

2º.- O licitador proposto Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido nas cláusulas 18ª e 19ª do prego (RS núm. 2024-S-RE-406, do 23/09/24)

3º.- Con data 30 de setembro do corrente (RE núm. 2024-E-RE-547), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.

- ✓ Garantía definitiva por importe de 16.982,66 €, mediante seguro de caución da entidade ASEFA, SMA S.A., estendido con data 23/09/24 (certificado de seguro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.

CIF: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA [REDACTED]

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 339.653,02 €

IVE: 71.327,13 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Catrocentos dez mil novecentos oitenta euros con quince céntimos (410.980,15 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo como directora facultativa da obra, e a Dona María Elena Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

3.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Infórmase á Xunta de Goberno Local da Orde do 11 de setembro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se convoca para o ano 2024 (DOG núm. 184, do 24/09/24), e a conveniencia de solicitar a axuda para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local para a colaboración na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial nun Concello como o noso deficitario en tecido empresarial e pouco dinámico no eido socioeconómico.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha axuda económica na contía que corresponda segundo o establecido no artigo 4º da Orde da convocatoria para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local.

Segundo.- Aprobar a memoria-proxecto que desenvolverá o axente de emprego e desenvolvemento local, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo ao orzamento municipal, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Facultar ao alcalde para que, na representación desta entidade local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

4.- AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS DE FORMACIÓN DE ALUMNO NO CONCELLO

VISTA a solicitude efectuada ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o desenvolvemento de prácticas de formación do seguinte alumno en dependencias de titularidade municipal:

ALUMNO	Alejandro Bernárdez Vilar
DNI	██████████
ESTUDOS	Acondicionamento físico
CENTRO	IES Laxeiro, de Lalín
NÚMERO DE HORAS	384

DATA DE INICIO	30/09/2024
DATA FINALIZACIÓN	12/12/2024
DEPARTAMENTO	Deportes (ximnasio municipal)
COORDINADOR	Ovidio Areán Diéguez, monitor deportivo

Segundo.- As prácticas non serán remuneradas e o alumno non terá relación laboral algunha co Concello, correspondendo ao centro educativo onde realiza a súa formación subscribir a correspondente póliza que asegure as contingencias legalmente esixibles.

Terceiro.- O Concello procederá a efectuar a alta na seguridade social do alumno en prácticas, e o abono das cotizacións correspondentes, de conformidade co esixido na DA 52ª da Lei Xeral da Seguridade Social.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. concelleiro-delegado de Deportes para que, na representación do Concello, asine o correspondente convenio e canto documento sexa preciso para a efectividade do acordado.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Eiriz Sobrado, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, continúa en situación de baixa laboral por incapacidade laboral (IT), derivada de accidente de traballo, dende o día 26 de xuño de 2023. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta

ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARINETE DO AMARAL, con NIE núm. [REDACTED], a tempo parcial (31,15 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa laboral por IT da traballadora Laura Eiriz Sobrado.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María del Rocío Morais Vila, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante o vindeiro mes de outubro. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á

contratación urgente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona Tamara García Fuentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. ██████████, a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 14 e 23 de outubro do corrente, ambos inclusive, en substitución da traballadora María del Rocío Morais Vila.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- APROBACIÓN DA AUDITORÍA MUNICIPAL DOS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO E DO PLAN DE ACTUACIÓN PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA

ANTECEDENTES

Primeiro.- Augas de Galicia, por resolución de data 17/07/24, concedeu ao Concello unha subvención, por importe de 6.582,40 €, para o financiamento da actuación denominada *“realización dunha auditoría dos sistemas de abastecemento no Concello de Rodeiro encamiñada á elaboración dun plan de actuación para minimizar as perdas de auga”*, ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 19, do 26/01/24). – Expediente

Segundo.- A auditoría foi realizada pola sociedade SUARNAS SISTEMAS S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Mos (Pontevedra), por medio dun contrato de servizos adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 28/08/24.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario dispón textualmente: *“Para minimizar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento, as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación, no prazo máximo de dous anos dente a entrada en vigor da presente lei, deberán igualmente aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas, o cal será actualizado cunha periodicidade máxima cuatrienal”*.

Debidamente informados de canto antecede, considerando que a auditoría e o plan de actuacións foron correctamente confeccionados, axústanse aos requisitos da subvención concedida e resultan conformes para o interese público, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a Auditoría dos sistemas de abastecemento no Concello de Rodeiro encamiñada á elaboración dun plan de actuación para minimizar as perdas de auga, redactada pola enxeñeira industrial Dona Iria Castro Pérez e polo enxeñeiro civil Don Javier Rivas Anido, con data setembro de 2024.

Segundo.- Aprobar o Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga, co contido mínimo establecido na resolución de convocatoria da subvención.

Terceiro.- Remitir certificación deste acordo a Augas de Galicia, aos efectos requiridos.

8.- CONCESIÓN DA QUINTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 24 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 15, correspondente ao día 22/01/24. Con data 15 de marzo do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 382, do 25/03/24).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, con data 24/09/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a quinta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	NIE / PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	108,25 €	Apoio á infancia (material escolar)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	153,90 €	Apoio á infancia (material escolar)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	153,90 €	Apoio á infancia (material escolar)
████████████████████	██████	A Gaiola – Rodeiro	300,00 €	Alimentación e produtos de hixiene
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	129,10 €	Apoio á infancia (material escolar)
████████████████████	██████	As Fontelas – Camba	490,00 €	Tratamento de odontoloxía
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	200,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2024. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2025. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

9.- EXENCIÓNS DE ABONO DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO PARA O CURSO 2024-2025”, DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

En atención ás circunstancias que concorren nas menores veciñas do Concello Mauren Valentina León Mantilla, Hellen Juanita León Mantilla e Mónica Tortolero Paruta, e de conformidade cos informes emitidos ao efecto pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez en data 30/09/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e en aplicación do previsto no artigo 5º, apartado 6 da Ordenanza do prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas (BOP núm. 194, do 07/10/10), acorda conceder unha exención total no abono do prezo público pola participación na actividade “*Concilia en período lectivo para o curso 2024-2025*”, entre os meses de setembro de 2024 e xuño de 2025, ambos inclusive, a favor de ditas menores, polos motivos expostos no informe-proposta emitido e namentres se manteña a actual situación de vulnerabilidade das súas unidades familiares.

10.- CESIÓN TEMPORAL GRATUÍTA DE USO DE LOCAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1. Dona María Guadalupe Vázquez Vázquez, veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, na súa calidade de presidenta da ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS VIRXEN DO FARO, solicita con data 27 de setembro de 2024 (RE-E núm. 543) a cesión temporal de uso dun local no inmovible de titularidade municipal coñecido como “*antiga escola de Río*”, sito no lugar da Feira, parroquia de Río.
2. A Asociación de mulleres rurais Virxen do Faro, con CIF núm. [REDACTED], figura legalmente constituída, inscrita no Rexistro provincial de asociacións de Pontevedra coa inscrición núm. [REDACTED], e no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello de Rodeiro, coa inscrición

núm. [REDACTED], e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

3. A antiga escola de Río é un inmovible de titularidade municipal, coa categoría de ben patrimonial de propios.

FUNDAMENTO XURÍDICO

O artigo 233 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) permite, previa solicitude e con autorización municipal expresa, o acceso ao uso de locais municipais por parte das asociacións de veciños que se atopen debidamente inscritas no rexistro municipal, coas condicións que o Concello determine.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Autorizar a cesión parcial, temporal e gratuíta, a favor da Asociación de mulleres rurais Virxen do Faro, do uso exclusivo de parte do inmovible de titularidade municipal coñecido como “*antiga escola de Río*”, sito no lugar da Feira, parroquia de Río, suxeita ás seguintes condicións:

1. Cédese unicamente o uso exclusivo dunha sala de 48 m² de superficie sita na parte central do inmovible e con acceso independente pola parte traseira do edificio, sen prexuízo da titularidade e facultades dominicais do Concello como propietario do inmovible.
2. A cesión temporal realízase por un período de cinco (5) anos, que poderá ser prorrogado a petición da asociación beneficiaria con previo acordo favorable expreso do Concello.
3. O uso exclusivo da instalación quedará limitado polo eventual uso do mesmo por parte do Concello, por causas de utilidade pública ou interese social, que terá carácter preferente.
4. No suposto que no futuro existan outras asociacións, legalmente constituídas e inscritas, que soliciten asemade o uso dun local

municipal e a súa petición non puidera ser satisfeita coa cesión doutros locais alternativos, o local que se cede no presente acordo deberá ser compartido polas asociacións autorizadas, nas condicións fixadas entre elas por mutuo acordo ou, subsidiariamente, polo Concello.

5. A cesionaria non poderá realizar obras no local cedido sen previa autorización expresa do Concello e, unha vez autorizadas e realizadas, quedarán en beneficio do Concello unha vez rematada a cesión, sen dereito algún de indemnización a favor da cesionaria.
6. A cesión de uso outórgase unicamente para o desenvolvemento dos fins estatutarios da asociación, quedando prohibido calquera outro uso do local alleo a ditas finalidades.
7. O Concello non terá responsabilidade algunha pola conservación e custodia do mobiliario ou materiais que a asociación deposite no local cedido, nin polos eventuais danos e prexuízos sufridos polos usuarios do local cedido que estean motivados polo mal uso do mesmo.
8. Os consumos, limpeza e seguros, no seu caso, que orixine o uso do local cedido serán por conta da cesionaria durante o tempo da cesión.

11.- BAIXA DE USUARIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2024-2025

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do informe emitido pola mestra directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, en data 24/09/24, no que comunica a instancia presentada por Don Iván Vázquez Senra, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Vistuíde, parroquia de San Cristovo do Az (RE núm. 1553, do 24/09/24), pola que renuncia á praza adxudicada ao seu fillo XIÁN VÁZQUEZ CASTIÑEIRA para o curso 2024-2025.

12.- CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS A ASOCIACIÓNS MUNICIPAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN LOCAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Dáse conta das seguintes solicitudes presentadas por diversas asociacións municipais para a realización de actividades en locais de titularidade municipal:

ASOCIACIÓN	CIF	DATA REXISTRO	LOCAL	ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO
ASOCIACIÓN DE MULLERES TERRAS DE CAMBA	██████	19/09/24	XIMNASIO MUNICIPAL	STEP	XOVES	22:00 A 23:00
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	██████	19/09/24	PAVILLÓN POLIDEPORTIVO	ZUMBA	MARTES E XOVES	20:00 A 21:00 / 20:30 A 21:30
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	██████	19/09/24	XIMNASIO MUNICIPAL	MUSICOTERAPIA	XOVES	16:00 A 17:00
ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS	██████	19/09/24	BIBLIOTECA MUNICIPAL	HABILIDADES DIXITAIS PARA USO COTIÁN	LLUNS	16:30 A 19:00

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

1. Autorizar a cesión temporal das instalacións municipais sinaladas para os fins solicitados.
2. Establecer a gratuidade de dita cesión ao tratarse de asociacións inscritas no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro, de conformidade co previsto no artigo 233 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
3. As autorizacións enténdense outorgadas unicamente para as finalidades solicitadas, quedando prohibido calquera outro uso das instalacións alleo a ditas finalidades sen previa autorización expresa do Concello.
4. O Concello non terá responsabilidade algunha pola conservación e custodia do material que os/as participantes nas actividades depositen nos locais, que deberá ser recollido diariamente ao remate das actividades, deixando as instalacións baleiras para outros eventuais usos.
5. Non se poderá realizar ningún tipo de obra ou modificación nos locais cedidos sen previa autorización expresa do Concello.
6. As presentes autorizacións se entenden concedidas "a precario" podendo ser revogadas ou suspendidas temporalmente en calquera tempo polo Concello si as devanditas instalacións municipais fanse necesarias no futuro para outros usos de carácter público; revogación

ou suspensión que, no caso de acordarse, non dará dereito algún de indemnización ás asociacións solicitantes.

7. O Concello non se fará responsable polos eventuais danos e prexuízos sufridos polos/as usuarios/as que estean motivados polo desenvolvemento das actividades ou polo mal uso das instalacións cedidas e, aos citados efectos, a asociación solicitante deberá acreditar ante o Concello, con anterioridade ao inicio da actividade, ter asegurada a responsabilidade civil durante todo o tempo que dure a mesma.
8. Esíxese aos/ás técnicos/as, monitores/as e alumnos/as usuarios/as a utilización axeitada das instalacións cedidas temporalmente e o bo uso dos seus elementos, sendo responsable as asociacións beneficiarias dos eventuais danos producidos nas instalacións polo uso descoidado ou negligente destas.
9. As presentes autorizacións extinguirase no seu caso co remate anticipado das actividades, que deberá ser comunicada expresamente ao Concello e, en calquera caso, o día 31 de agosto de 2025. As prórrogas de dita data, de ser o caso, deberán ser solicitadas expresamente e obxecto dun novo acordo por parte deste órgano.
10. No suposto que, con posterioridade ao presente acordo, outras asociacións legalmente constituídas e inscritas no Rexistro municipal, soliciten e se lle conceda o uso das mesmas instalacións municipais cedidas, estas deberán ser compartidas polas asociacións autorizadas, nas condicións fixadas entre elas por mutuo acordo ou, subsidiariamente, polo Concello.

13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 457,20 € E 55,70 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/facturas núm. 7/24 e 8/24.
- ASISTENCIA TÉCNICA DE PROYECTOS LALÍN S.L. 1.618,75 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra municipal, s/factura núm. 2024F/0002 (FACe).

- MÁIS ESCOLA S.L. 508,20 €
Por organización, execución e elaboración de informe de simulacro de evacuación do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 796 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.617,80 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xuño de 2024, s/factura núm. 2024/1700 (FACe).
- ALBA PÉREZ IGLESIAS 653,40 €
Por traballos de organización da iniciativa “Rodeiro de tapas”, s/factura núm. GR00099.
- O RODO S. COOP. GALEGA 4.532,00 €
Por traballos de desbroce de estradas municipais, s/factura núm. 313555.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas cincuenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)